

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
do 15 de decembro de 2015

ACTA Nº 17/2015

Na Casa do Concello de Muros, ás vinte horas e trinta minutos do día quince de decembro do ano dous mil quince, reúnese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria da sesión extraordinaria.

PERSOAS ASISTENTES

Alcaldesa: D^a María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández

D. José Antonio Uhía Martínez

D^a María Inés Monteagudo Romero

D. José Vázquez Rama

D^a Alianza Uhía Patiño

D. José Ángel Hermida Simil

D^a Sandra Maneiro Pais

D. Enrique Riomayor Caamaño

D. Manuel Bartolomé Freire Eiras

D. Manuel María García Fernández

D. Paula Simal Mayo.

Non asiste: D^a Caridad González Cerviño, do Grupo Socialista.

Secretario: D. Luís Alberto Gil García, secretario do concello, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DO POS/2016.

2.- APROBACIÓN DO PAS/2015.

A Sra. Alcaldesa dá comezo á sesión extraordinaria do Pleno.

1.- APROBACIÓN DO POS/2016.

A Sra. Alcadesa explica que a aprobación do POS 2016 foi tratada na comisión informativa. Que a proposta consiste nunha única obra que é o saneamento da zona da Rocha. Que é unha obra que foi demandada por parte de todos os grupos desde hai moito tempo. Que é unha obra coa que se resolven un montón de problemas que hai nesa zona e na zona da praia da Virxe, onde hai contaminación e que ademais é a zona marisqueira de Muros. Explica o seu financiamento.

Dá paso a rolda de intervencións.

A Sra. Monteagudo, portavoz do Grupo Popular, di que lles parece ben, que hai tempo que veñen dicindo que nesta lexislatura se deberían solucionar parte dos problemas de vertidos na zona costeira da nosa ría. Que non hai moitos meses que o propio pleno aprobou un escrito presentado polas confrarías de toda a ría pedindo que cesaran os vertidos á ría, que estaban prexudicando a todo o marisqueo. Que para eles a ría é a parte empresarial máis importante, polo que todos os investimentos que solucionen problemas son benvidos pola súa parte.

A Sra. Maneiro, do Grupo Socialista, expresa a súa conformidade.

O Sr. García, do BNG, explica que xa teñen falado de que lles gustaría que o POS servira para invertir nalgo máis que en simples obras, en creatividade, en necesidades sociais e en cubrir necesidades, pero entenden que o carácter urxente destas instalacións esixía facer un esforzo e centrar todo nisto e que tamén entende que tanto o POS e como o PAS son inversións que se van realizar case todas na mesma zona, o que lles parece interesante para salvagardar a praia da Virxe, aínda que non é a única, é unha das zonas máis importantes de marisqueo. Tamén está a praia de Bornalle que lles gustaría que nos próximos anos se fixeran actuacións de saneamento na Abelleira para evitar vertidos nesa praia, porque tamén é outro punto importante de marisqueo.

Na segunda rolda de intervencións a Sra. Monteagudo di que se fan todas as actuacións nunha parroquia practicamente, pero como se trata de solucionar un problema e non de solucionar todos os problemas, apostan porque nesta lexislatura todos os grupos intenten solucionar todos estes problemas nas distintas parroquias. Empezando por esta, xa que é a máis chamativa e a máis grave.

A Sra. alcaldesa di que efectivamente vai todo o POS nunha única obra, nunha parroquia. Neste caso na parroquia de Serres, pero a pesar diso, afecta e beneficia a familias de todo o concello porque incide directamente, non só na praia da Rocha, senon tamén na da Virxe, que é zona clasificada como verde e está en perigo de pasar a zona C, o que significaría un dano importante.

Votación: unanimidade dos presentes.

O pleno da Corporación do Concello de Muros ACORDA:

“1º) Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización das obras e subministracións:

| Denominación da obra ou subministración | Deputación | Concello | Presuposto total |
|---|-------------------|------------------|-------------------|
| INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS NA ROCHA. PARROQUIA DE SERRES | 246.937,60 | 36.907,78 | 283.845,38 |
| SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS | 246.937,60 | 36.907,78 | 283.845,38 |

Aprobar o proxecto da obra incluída na anualidade 2016 e que se relaciona nesta táboa.

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptado se este se produce efectivamente.

5.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

2.- APROBACIÓN DO PAS/2015.

A Sra. Alcaldesa explica as actuacións incluídas no PAS 2015.

Que as tres obras están enfocadas a resolver problemas de saneamento, que salvo unha en Esteiro, as demais son na parroquia de Serres, polo tema do saneamento da Rocha. Que é a única forma de afrontar o problema e xuntar os dous plans, que é o único xeito que ten o Concello de facer fronte a estes problemas.

A Sra. Monteagudo sinala que ten que ser unha obra encadenada, que non ten sentido facer un só cachiño e di que están de acordo. Reiteran que o investimento é todo na parroquia de Serres. Que esta parroquia fixo un esforzo importante cedendo terreos nos que están todos os servizos do Concello, cuartel, parque empresarial.... Que é un recoñecemento á xenorosidade desa parroquia.

O portavoz do BNG, insisten no mesmo de antes, congratúlase de que este ano teñan o PAS, ademais do POS. Que é un esforzo por parte da Deputación, das súas deputadas, na busca de intentar eliminar peso das Deputacións, no camiño da súa eliminación. Que está demostrado que non son nada útiles. Que lles gustaría que se

puidera utilizar algo máis e que invirtiran nalgo máis que en saneamento. Confían en que nos orzamentos do próximo ano se compense un pouquiño esa carencia facendo uns orzamentos sociais e apoiando á cultura, que se deixaron moito de man ultimamente. Polos demais estas obras parécenlles importantes e urxentes.

Votación: Unanimidade dos presentes.

O pleno da Corporación do Concello de Muros ACORDA:

“1.-Participar no **Plan de Acción Social (PAS) 2015**, da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

| Denominación da obra ou subministración | Deputación | Concello | Presuposto total |
|---|-------------------|------------------|-------------------------|
| Mellora das infraestruturas hidráulicas en Boavista 3ª fase. Parroquia de Serres | 90.962,81 | 8.000,00 | 98.962,81 |
| Mellora das infraestruturas hidráulicas en Baño 2ª fase. Parroquia de Serres | 187.307,28 | 22.000,00 | 209.307,28 |
| Mellora das infraestruturas hidráulicas en Freixeiros 1ª fase. Parroquia de Esteiro | 58.463,00 | 4.112,76 | 62.575,76 |
| SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓN | 336.733,09 | 34.112,76 | 370.845,85 |

Quedan aprobados os proxectos dos investimentos incluídos na anualidade 2015 e que se relacionan nesta táboa.

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste plan se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptado se este se produce efectivamente.

5.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

A Sra. Alcaldesa dá as grazas e comenta que seguramente ten que haber outro pleno extraordinario antes de que acabe o ano xa que hai que aprobar a Conta Xeral, que non puido levarse a este Pleno por estar aínda en prazo de exposición pública.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos. Dou fe.

O secretario

Luís Alberto Gil García